



## **CONCELLO DE AVIÓN ( OURENSE )**

PRAZA DO CONCELLO, Nº 1. C.P: 32520

Teléfono: 988 486 000

E-mail: [concello@concelloavion.org](mailto:concello@concelloavion.org)

<http://avion.sedelectronica.es>

### **ORDENANZA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS**

#### **Artigo 1º:**

De conformidade co disposto no artigo 60.2 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, este Concello de Avión establece o Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras.

#### **Artigo 2º:**

Constitúe o feito imponible do Imposto a realización, dentro do Termo Municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, se houbera obtido ou non a dita licenza, sempre que a súa expedición corresponda a este Concello.

#### **Artigo 3º:**

Son suxeitos pasivos deste Imposto as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o Artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, propietarias dos inmobles sobre os que se realicen as construcións, instalacións ou obras, sempre que sexan donos das obras; nos demais casos se considerará contribuínte a quen ostente a condición de dono da obra.

#### **Artigo 4º:**

A base imponible do Imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra.

#### **Artigo 5º:**

1. A cota deste Imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.
2. O tipo de gravame será o 2 por cento.

#### **Artigo 6º:**

O presente Imposto se devenga no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non se houbera obtido a correspondente licenza.

#### **Disposición Adicional:**

No non previsto na presente Ordenanza Fiscal se estará ao disposto nos Artigos 101 a 104, ambos inclusive, da Lei 39/1988.